

DOMINGO I DE ADVENTO (A)

PRIMEIRA LECTURA Is 2, 1-5

Lectura do libro do profeta Isaías

Palabras que en visión profética recibiu Isaías, fillo de Amós, acerca de Xudá e Xerusalén: Ó final dos tempos o monte da casa do Señor estará firme, asentado no cume dos montes, ergueito sobre as montañas. Acudirán alí tódalas nacións, poñeranse en camiño pobos numerosos. Dirán:"Vinde, subamos ó monte do Señor, á casa do Deus de Xacob.

El hanos aprende-los seus camiños, e marcharemos polos seus vieiros; porque a lei ha saír de Sión, de Xerusalén, a palabra do Señor". Será o árbitro das nacións, o xuíz de pobos numerosos. Das espadas forxarán arados, e das lanzas, podadeiras. Non erguerá a espada nación contra nación, non se adestrarán para a guerra. ¡Casa de Xacob, ven; vaíamos e camiñemos á luz do Señor!

SALMO RESPONSORIAL Sal 121, 1-2. 4-5. 6-7. 8-9

Moito me alegrei cando me dixeron:
"imos ir á casa do Señor".

Xa están os nosos pés
ás túas portas, Xerusalén.

Alá soben as tribos, as tribos do Señor,
conforme o costume de Israel,
a festexa-lo nome do Señor.
Alí están os tribunais de xustiza,
os tribunais da casa de David.

Desexádelle paz a Xerusalén:
Vivan seguros os que te aman.
Haxa paz dentro dos teus muros,
seguranza dentro dos teus pazos.

Por mor de meus irmáns e compañeiros,
darei: "A paz contigo".
Por mor da casa do Señor, o noso Deus,
desexo para ti todo ben.

SEGUNDA LECTURA Rom 13, 11-14a

Lectura da carta do Apóstolo San paulo ós Romanos

Irmáns: Sabedores do tempo de salvación no que estamos, xa é hora de que espertedes do sono, pois agora a salvación xa está máis cerca de nós que cando empezamos a crer. A noite vai andada, e o día está a chegar: rexeitémo-las obras das tebras e vistámo-las armas da luz.

Como en pleno día, camiñemos decentemente, nada de lupandas nin borracheiras, nada de obscenidades nin libertinaxe, nada de liortas nin envexas. En lugar diso vestídevos do Señor Xesús Cristo, e non lles fagades caso ós baixos apetitos.

EVANXEO Mt 24, 37-44

Lectura do Santo Evanxeo segundo Mateo

Naquel tempo, díxolles Xesús ós seus discípulos: - Coma nos tempos de Noé, así pasará cando veña o Fillo do Home. Antes do diluvio comían, bebían e casaban ata o día que Noé entrou na arca; e de nada se decataron ata que veu o diluvio, e os enguliu a todos. O mesmo pasará cando veña o Fillo do Home. Entón estarán dous homes no agro; levarán a un e deixarán ó outro. Estarán dúas mulleres moendo no muíño, levarán a unha e deixarán á outra.

Vixiade, porque non sabedes nada do día no que virá o voso Señor. Entendédeo ben: se soubese o dono da casa a que hora vai chega-lo ladrón, estaría á espreita e non permitiría que lle asaltasen a casa. Así tamén: estade vós preparados, porque na hora menos pensada preséntase o Fillo do Home.